

CONCURSO DE SELFIES ‘SORRISOS POLO NADAL’.

1. Obxeto.

O Concello de Silleda mediante a Concellería de Cultura organizan esta primeira edición de concurso de selfies ‘Sorrisos do Nadal’.

2. Aceptación das bases.

A participación no concurso implica a aceptación das bases por parte dos participantes.

3. Requisitos para participar.

Poderá participar calquera persoa física maior de idade residente no Concello de Silleda.

Os traballos presentados deben ser inéditos.

Poderase participar cun máximo de 3 selfies por persoa.

Os participantes autorizan a verificación da súa identidade. A falsidade ou erro dos datos de carácter persoal anulará a participación e o dereito de obter o premio. Así mesmo, co feito de participar cede directamente ao Concello todos os dereitos da fotografía.

4. Pasos do concurso.

- O participante toma un selfie de xeito individual ou con outras persoas.
- Os selfies deben tomarse nas actividades de Nadal organizadas polo Concello de Silleda ou asociacións municipais. Solo se aceptarán selfies que se fagan nas actividades e actos que estean publicitados no Programa de Nadal editado polo Concello de Silleda.
- Valorarase que no selfie salgan protagonistas da actividade.
- Os selfies deben enviarse ao correo electrónico cultura@silleda.gal antes do 9 de xaneiro de 2016. Ademais do selfie deberán aparecer os datos persoais do participante, así como un teléfono de contacto. O participante recibirá unha mensaxe de que a súa participación foi aceptada.

Os selfies solamente poderán mostrar persoas identificables. En ningún caso poderán mostrar unha situación inapropiada, obscena, hostil, indecente, difamatoria ou calumniosa e/ou que promova a intolerancia, odio, racismo ou dano contra calquera grupo ou persoa, ou a discriminación por motivos de raza, relixión, xénero, nacionalidade, diversidade, orientación sexual ou idade e/ou que atenten contra a orde pública e moral. Todos os selfies que dende a organización se consideren impropios ou que atenden a calquera destas características descritas, quedarán automaticamente descalificados e anularase a participación do autor.

5. Premio.

O galardón do concurso consistirá nunha cámara fotográfica de alta calidade e resolución que se otorgará ao selfie gañador do concurso.

O xurado estará composto por dous profesionais da fotografía e a Concelleira de Cultura ou na persoa en quen delegue.

O gañador ou gañadora darase a coñecer antes do 16 de xaneiro, facendo a entrega do premio nas datas posteriores.